

## AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR CURSO 2024-2025

No DOG do 20 de maio saíu publicada a orde que regula as axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado de educación primaria e secundaria. A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en ESO será a seguinte:

1. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: **75 €.**
2. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: **60 €.**

1. **Prazo de presentación solicitudes:** do 21/5/2024 a 21/6/2024, incluídos

2. **Forma de presentación de solicitudes**

- **Electrónica:** utilice a aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) e presente a solicitude na Sede Electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

IMPORTANTE: na presentación electrónica deberá presentar unha solicitude individual para cada un dos seus fillos.

NECESITARÁ ter: A) conta de Chave365, ou B) ter instalado certificado dixital ou DNI electrónico e máis a aplicación Autofirma.

- **Presencial con asistencia da aplicación:** cubra os datos na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), imprima os Anexos I e II producidos e presénteos no centro educativo.
- **Presencial manual:** cubra os Anexos I e II da Orde da convocatoria e presénteos no centro educativo.

3. **Documentación complementaria**

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- c) Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.

Para casos especiais deberán consultar no ANEXO I a documentación a presentar.

A dirección